

CAPÍTULO V

DESCRIPCIÓN DO ORDENAMENTO DAS LECTURAS

92. Para axudar ós pastores a que coñezan a estrutura do Ordenamento das lecturas, e así as poidan usar dun xeito vivo e con proveito dos fieis, parece oportuno dar unha breve descrición do Ordenamento das lecturas, polo menos no que se refire ás principais celebracións e ós diversos tempos do ano litúrxico, en atención ós cales se escolleron as lecturas segundo as normas antes indicadas.

1. Tempo de Advento

a) DOMINGOS

93. As lecturas do Evanxeo teñen unha característica de seu: refírense á chegada do Señor á fin dos tempos (primeiro domingo), a Xoán Bautista (segundo e terceiro domingo), ós acontecementos que prepararon de preto o nacemento do Señor (cuarto domingo).

As lecturas do Antigo Testamento son profecías sobre o Mesías e o tempo mesiánico, tomadas principalmente do libro de Isaías.

As lecturas do Apóstolo conteñen exhortacións e amoestacións conformes ás diversas características deste tempo.

b) DÍAS DE DIARIO

94. Hai dúas series de lecturas, unha desde o principio ata o día 16 de decembro, e outra desde o día 17 ó 24.

Na primeira parte do Advento lese o libro de Isaías, seguindo a mesma orde do libro, sen excluír aqueles fragmentos máis importantes que se len tamén nos domingos. Os Evanxeos destes días están relacionados coa primeira lectura.

Desde o xoves da segunda semana comezan as lecturas do Evanxeo sobre Xoán Bautista; a primeira é ou ben unha continuación do libro de Isaías, ou ben un texto relacionado co Evanxeo.

Na última semana antes do Nadal lense os acontecementos que prepararon de inmediato o nacemento do Señor, tomados do Evanxeo de san Mateo (cap. 1) e de san Lucas (cap. 1). Na primeira lectura seleccionáronse algúns textos de diversos libros do Antigo Testamento, tendo en conta o Evanxeo do día, entre os que se atopan algúns vaticinios mesiánicos de grande importancia.

2. Tempo de Nadal

a) SOLEMNIDADES, FESTAS E DOMINGOS

95. Na vixilia e nas tres Misas do Nadal, as lecturas, tanto as proféticas coma as demais, tomáronse da tradición romana.

O domingo dentro da Octava do Nadal, festa da Sagrada Familia, o Evanxeo é o da infancia de Xesús; as demais lecturas falan das virtudes da vida doméstica.

Na Oitava do Nadal e na solemnidade de santa Naría, Nai de Deus, as lecturas tratan da Virxe, Nai de Deus, e da imposición do santísimo nome de Xesús.

O segundo domingo despois do Nadal, as lecturas tratan do misterio da Encarnación.

Na Epifanía do Señor, a lectura do Antigo Testamento e o Evanxeo conservan a tradición romana; na lectura apostólica lese un texto relativo á vocación dos pagáns á salvación.

Na festa do Bautismo do Señor, os textos refírense a este misterio.

b) DÍAS DE DIARIO

96. Desde o día 29 de decembro faise unha lectura continua de toda a primeira carta de san Xoán, que xa se empezara a ler o día 27 de decembro, festa do mesmo san Xoán, e no día seguinte, festa dos Santos Inocentes. Os Evanxeos refírense ás manifestacións do Señor. En efecto, lense os acontecementos da infancia de Xesús, tomados do Evanxeo de san Lucas (días 29 e 30 de decembro), o primeiro capítulo do Evanxeo de san Xoán (do 31 de decembro ó 5 de xaneiro), e as principais manifestacións do Señor, tomadas dos catro Evanxeos (do 7 ó 12 de xaneiro).

3. Tempo de Coresma

a) DOMINGOS

97. As lecturas do Evanxeo están distribuídas da seguinte maneira:

Nos domingos primeiro e segundo consérvanse as narracións das tentacións e da transfiguración do Señor, aínda que lidas segundo os tres sinópticos.

Nos tres domingos seguintes recuperáronse, para o ano A, os Evanxeos da samaritana, do cego de nacemento e da resurrección de Lázaro; estes Evanxeos, por ser de grande importancia en relación coa iniciación cristiá, pódense ler tamén nos anos B e C, sobre todo cando hai catecúmenos.

Sen embargo, nos anos B e C hai tamén outros textos, a saber: no ano B, uns textos de san Xoán sobre a futura glorificación de Cristo pola súa cruz e resurrección; no ano C, uns textos de san Lucas sobre a conversión.

O domingo de Ramos na Paixón do Señor: para a procesión escolléronse os textos que se refiren á solemne entrada do Señor en Xerusalén, tomados dos tres Evanxeos sinópticos; na Misa lese o relato da paixón do Señor.

As lecturas do Antigo Testamento refírense á historia da salvación, que é un dos temas propios da catequese coresmal. Cada ano hai unha serie de textos que presentan os principais elementos desta historia, desde o principio ata a promesa da nova alianza.

As lecturas do Apóstolo escolléronse de maneira que teñan relación coas lecturas do Evanxeo e do Antigo Testamento e, no posible, haxa unha axeitada conexión entre as mesmas.

b) DÍAS DE DIARIO

98. As lecturas do Evanxeo e do Antigo Testamento escolléronse de maneira que teñan relación entre si, e tratan diversos temas propios da catequese coresmal, acomodados ó significado espiritual deste tempo. Desde o luns da cuarta semana, ofrécese unha lectura semicontinua do Evanxeo de san Xoán, na que teñen entrada aqueles textos deste Evanxeo que mellor responden ás características da Coresma.

Dado que as lecturas da samaritana, do cego de nacemento e da resurrección de Lázaro se len agora nos domingos, pero soamente no ano A (e nos outros anos queda ó ben querer do celebrante), preveuse que tamén se poidan ler nos días de diario: por iso ó

comezo das semanas terceira, cuarta e quinta engadíronse unhas «Misas de libre elección» que conteñen estes textos; estas Misas poden empregarse en calquera día de diario da semana correspondente, no canto das lecturas do día.

Os primeiros días da Semana Santa as lecturas consideran o misterio da paixón. Na Misa crismal as lecturas poñen de relevo a función mesiánica de Cristo e a súa continuación na Igrexa por medio dos sacramentos.

4. Triduo sagrado e tempo pascual

a) SAGRADO TRIDUO PASCUAL

99. O Xoves Santo, na Misa da tarde, o recordo do banquete que precedeu ó éxodo ilumina dun xeito especial o exemplo de Cristo lavando os pés dos discípulos e as palabras de Paulo sobre a institución da Pascua cristiá na Eucaristía.

A acción litúrxica do Venres Santo chega ó seu cumio no relato segundo san Xoán da paixón daquel que, como o Servo do Señor anunciado no libro de Isaías, se converteu realmente no único sacerdote ó se ofrecer a si mesmo ó Pai.

Na Vixilia Pascual da noite santa, propóñense sete lecturas do Antigo Testamento, que lembran as marabillas de Deus na historia da salvación, e dúas lecturas do Novo Testamento: o anuncio da resurrección segundo os tres Evanxeos sinópticos, e a lectura apostólica sobre o bautismo cristián como sacramento da resurrección de Cristo.

Para a Misa do día de Pascua propónse a lectura do Evanxeo de san Xoán sobre o achado do sepulcro baleiro. Tamén se poden ler, se se prefire, os textos dos Evanxeos propostos para a noite santa, ou, cando hai Misa da tarde, a narración de Lucas sobre a aparición ós discípulos que fan camiñando cara a Emaús. A primeira lectura tómase dos Feitos dos Apóstolos, que se len durante o tempo pascual no canto da lectura do Antigo Testamento. A lectura do Apóstolo refírese ó misterio de Pascua vivido na Igrexa.

b) DOMINGOS

100. Ata o domingo terceiro de Pascua as lecturas do Evanxeo relatan as aparicións de Cristo resucitado. As lecturas do bo Pastor están asignadas ó cuarto domingo de Pascua. Nos domingos quinto, sexto e sétimo de Pascua lense pasaxes escollidas do discurso e da oración do Señor despois da derradeira cea.

A primeira lectura cóllese dos Feitos dos Apóstolos, no ciclo dos tres anos, de xeito paralelo e progresivo; desta maneira cada ano ofrécese algunhas perspectivas da vida, testemuño e progreso da Igrexa primitiva.

Para a lectura apostólica, o ano A lese a primeira carta de san Pedro, o ano B a primeira carta de san Xoán, o ano C a Apocalipse; estes textos están moi de acordo co espírito dunha fe leda e dunha firme esperanza, propio deste tempo.

c) DÍAS DE DIARIO

101. A primeira lectura tómase dos Feitos dos Apóstolos, dun xeito semicontinuo coma os domingos. No Evanxeo, dentro da Oitava de Pascua, lense os relatos das aparicións do Señor. Despois faise unha lectura semicontinua do Evanxeo de san Xoán; deste Evanxeo cóllense agora os textos que teñen un aquel máis ben pascual; así complétase a lectura xa empezada no tempo de Coresma. Nesta lectura pascual ocupan unha gran parte o discurso e a oración do Señor despois da cea.

d) SOLEMNIDADE DA ASCENSIÓN E DE PENTECOSTÉS

102. A solemnidade da Ascensión conserva como primeira lectura a narración deste suceso segundo os Feitos dos Apóstolos, e este texto vai completado polas lecturas apostólicas acerca de Cristo enxalzado á dereita do Pai. Na lectura do Evanxeo cada ciclo presenta o texto propio segundo as variantes de cada evanxelista.

Na Misa que se celebra no serán na vixilia de Pentecostés, ofrécense catro textos do Antigo Testamento, para que se escolla como se queira un deles; estes textos ilustran o múltiple significado da solemnidade. A lectura apostólica mostra como o Espírito realiza a súa función na Igrexa. Finalmente, a lectura evanxélica lembra a promesa do Espírito feita por Cristo cando aínda non fora glorificado.

Na Misa do día cóllese como primeira lectura a acostumada narración que nos fan os Feitos dos Apóstolos do grande acontecemento de Pentecostés, mentres que os textos do Apóstolo poñen de manifesto os efectos da actuación do Espírito na vida da Igrexa. A lectura evanxélica lembra como Xesús, na tarde do día de Pascua, lles comunica ós discípulos o seu Espírito; os demais textos de libre elección tratan da acción do Espírito nos discípulos e mais na Igrexa.

5. Tempo ordinario**a) ORDENAMENTO E SELECCIÓN DOS TEXTOS**

103. O tempo ordinario comeza o luns que segue ó domingo que cae despois do día 6 de xaneiro, e dura ata o martes antes de Coresma, inclusive; volve empezar o luns despois do domingo de Pentecostés e remata antes das primeiras Vésperas do primeiro domingo de Advento.

O Ordenamento das lecturas contén lecturas para os 34 domingos e para as semanas que lles seguen. Por veces, sen embargo, as semanas do tempo ordinario son só 33. Ademais, algúns domingos ou ben pertencen a outro tempo litúrxico (o domingo no que se celebra o Bautismo do Señor e o domingo de Pentecostés), ou ben quedan impedidos por unha solemnidade que coincide con eles (por exemplo, a Santísima Trindade, Xesucristo Rei do universo).

104. Para ordenar correctamente o uso das lecturas establecidas para o tempo ordinario, débense observa-las normas seguintes:

1) O domingo no que se celebra a festa do Bautismo do Señor ocupa o lugar do domingo 1 do tempo ordinario; polo tanto, as lecturas da semana I empezan o luns que lle segue ó domingo que cae despois do día 6 de xaneiro. Se a festa do Bautismo do Señor se celebra o luns despois do domingo no que se celebrou a Epifanía, as lecturas da semana I empezan o martes.

2) O domingo que segue á festa do Bautismo do Señor é o segundo do tempo ordinario. Os demais vanse enumerando a partir de aí, ata o domingo que precede ó comezo da Coresma. As lecturas da semana na que cae o mércores de Cinza interrómpanse despois do día que precede a este mércores.

3) Ó retoma-las lecturas do tempo ordinario despois do domingo de Pentecostés, cómpre ter en conta o seguinte:

— Se os domingos do tempo ordinario son 34, cóllese aquela semana que segue inmediatamente á semana da cal se empregaron as lecturas inmediatamente antes da Coresma.¹¹⁵

— Se os domingos do tempo ordinario son 33, omítese a primeira semana que habería que coller despois de Pentecostés, para conservar así o remate do ano litúrxico os textos escatolóxicos asignados ás dúas últimas semanas.¹¹⁶

b) LECTURAS PARA OS DOMINGOS

1) *Lecturas do Evanxeo*

105. O domingo II do tempo ordinario refírese aínda á manifestación do Señor, celebrada na solemnidade da Epifanía, polo fragmento tradicional das vodas de Caná e por outros dous fragmentos collidos igualmente do Evanxeo de Xoán.

A partir do domingo III empeza a lectura semicontinua dos tres Evanxeos sinópticos; esta lectura ordénase de xeito que presente a doutrina propia de cada Evanxeo segundo se vai desenvolvendo a vida e a predicación do Señor.

Ademais, gracias a esta distribución, acádase certa harmonía entre o sentido de cada Evanxeo e a evolución do ano litúrxico. En efecto, despois da Epifanía lense os comezos da predicación do Señor, que gardan unha estreita relación co Bautismo e coas primeiras manifestacións de Cristo. Ó remate do ano litúrxico chégase con normalidade ó tema escatolóxico, propio dos últimos domingos, xa que os capítulos do Evanxeo anteriores ó relato da paixón tratan este tema, con maior ou menos amplitude.

No ano B intercálanse, despois do domingo XVI, cinco lecturas do capítulo 6 do Evanxeo de san Xoán (o «discurso sobre o pan de vida»); esta intercalación faise de xeito natural, xa que a multiplicación dos pans do Evanxeo de san Xoán substitúe á mesma narración segundo san Marcos. Na lectura semicontinua de san Lucas do ano C antepónse ó primeiro texto (isto é, ó domingo III) o prólogo do Evanxeo, no que se explica fermosamente a intención do autor; non se lle atopaba un sitio apropiado noutro lugar.

2) *Lecturas do Antigo Testamento*

106. Estas lecturas seleccionáronse en relación cos fragmentos evanxélicos, coa finalidade de evitar unha excesiva diversidade entre as lecturas de cada Misa e, maiormente, para poñer de manifesto a unidade de ámbolos dous Testamentos. A relación entre as lecturas da Misa queda ben de manifesto a través da coidadosa escolla dos títulos que se atopan ó comezo de cada lectura.

Ó selecciona-las lecturas, procurouse, no posible, que fosen breves e fáciles. Pero tamén se preveu que nos domingos se fose lendo o maior número posible dos textos máis importantes do Antigo Testamento. Estes textos distribuíronse sen unha orde lóxica, atendendo soamente á súa relación co Evanxeo; sen embargo, o tesouro da palabra de Deus quedará de tal xeito aberto, que tódolos que participan na Misa do domingo coñecerán case tódalas pasaxes máis importantes do Antigo Testamento.

¹¹⁵ Así, por exemplo, se as semanas antes de Coresma foron seis, o luns despois de Pentecostés comeza a semana sétima. A solemnidade da Santísima Trindade ocupará o lugar do domingo correspondente do tempo ordinario.

¹¹⁶ Se as semanas antes de Coresma foron, por exemplo, cinco, o luns despois de Pentecostés comeza a semana sétima, e omítese a semana sexta.

3) *Lecturas do Apóstolo*

107. Para esta segunda lectura propónse unha lectura semicontinua das cartas de san Paulo e de Santiago (as cartas de san Pedro e de san Xoán lense no tempo pascual e no tempo do Nadal).

A primeira carta ós Corintios, dado que é moi longa e trata de temas diversos, distribuíuse nos tres anos do ciclo, ó comezo deste tempo ordinario. Tamén pareceu oportuno dividi-la carta ós Hebreos en dúas partes, a primeira delas lese no ano B, e a outra no ano C.

Cómpre advertir que se escolleron soamente unhas lecturas bastante breves e non demasiado difíciles para a comprensión dos fieis.

A táboa II, que se atopa máis adiante,¹¹⁷ indica a distribución das cartas nos domingos do tempo ordinario para os tres anos do ciclo.

c) **LECTURAS PARA AS SOLEMNIDADES DO SEÑOR NO TEMPO ORDINARIO**

108. Para as solemnidades da Santísima Trindade, do Santísimo Corpo e Sangue de Cristo e do Sagrado Corazón de Xesús escolléronse uns textos que responden ás principais características destas celebracións.

As lecturas do domingo XXXIV e derradeiro celebran a Xesucristo, Rei do universo, esbozado na figura de David, proclamado no medio das humillacións da paixón e da cruz, reinante na Igrexa, e que ha volver á fin dos tempos.

d) **LECTURAS PARA OS DÍAS DE DIARIO**

1) *Os Evanxeos*

109. Ordénanse de xeito que se le en primeiro lugar o Evanxeo de san Marcos (semanas I-IX), logo o de san Mateo (semanas X-XXI), e finalmente o de san Lucas (semanas XXII-XXXIV). Os capítulos 1-12 de san Marcos lense integramente, agás soamente dous fragmentos do capítulo 6 que se len nos días de diario doutros tempos. De san Mateo e de san Lucas lese todo aquilo que non se atopa en san Marcos. Aqueles fragmentos que en cada Evanxeo teñen un aquel totalmente de seu ou que son necesarios para entender axeitadamente a continuidade do Evanxeo lense dúas e mesmo tres veces. O discurso escatolóxico lese integramente en san Lucas, e deste xeito coincide esta lectura co remate do ano litúrxico.

2) *A primeira lectura*

110. Na primeira lectura vanse alternando os dous Testamentos, varias semanas cada un deles, segundo a extensión dos libros que se len.

Dos libros do Novo Testamento lese unha parte bastante notable, procurando dar unha visión substancial de cada unha das cartas.

No referente ó Antigo Testamento, só se puideron ofrecer aqueles fragmentos escollidos que, dentro do posible, desen a coñece-lo aquel particular de cada libro. Os textos históricos foron seleccionados de xeito que desen unha visión de conxunto da historia da salvación antes da Encarnación do Señor. Era practicamente imposible poñerlos relatos demasiado longos; nalgúns casos seleccionáronse algúns versículos, coa finalidade de abrevia-la lectura. Ademais, algunhas veces ilumínase o significado

¹¹⁷ Cf. *infra*, *Prenotandos*, p. XLVI.

relixioso dos feitos históricos valéndose dalgúns textos collidos dos libros sapienciais, que se engaden, a xeito de proemio ou de conclusión, a unha determinada serie histórica.

No Ordenamento das lecturas para os días de diario do Propio do tempo teñen entrada case tódolos libros do Antigo Testamento. Unicamente se omitiron algúns libros proféticos moi breves (Abdías, Sofonías) e un libro poético (o Cantas dos Cantares). Entre aquelas narracións escritas cunha finalidade exemplar, que requiren unha lectura abondo ampla para seren entendidas, lense os libros de Tobías e de Rut, e omítense os demais (Ester, Xudit). Non obstante, atópanse algúns textos destes libros os domingos e nos días de diario doutros tempos.

A táboa III, que figura máis adiante,¹¹⁸ indica a distribución en dous anos dos libros de ámbolos dous Testamentos nos días de diario do tempo «per annum».

Ó remate do ano litúrxico lense os libros que están en consonancia co aquel escatolóxico deste tempo: Daniel e a Apocalipse.

¹¹⁸ Cf. *infra*, *Prenotandos*, p. XLVII.

CAPÍTULO VI

ADAPTACIÓNS, TRADUCCIÓNS Á LINGUA VERNÁCULA E CONFECCIÓN DO ORDENAMENTO DAS LECTURAS

1. Adaptacións e traducións

111. Na asemblea litúrxica, a palabra de Deus debe proclamarse sempre ou cos textos latinos preparados pola Santa Sé ou coas traducións en lingua vernácula aprobadas para o uso litúrxico polas Conferencias episcopais, segundo as normas vixentes.¹¹⁹

112. O Leccionario da Misa hase traducir integramente, sen exceptua-los Prenotandos, en tódalas súas partes. Se a Conferencia Episcopal considera necesario e oportuno introducir algunhas acomodacións, estas deben obter antes a confirmación da Santa Sé.¹²⁰

113. Debido á amplitude do Leccionario, as edicións do mesmo constarán necesariamente de varios volumes; non hai ningunha norma que diga como ha se-la división destes volumes. Cada volume deberá incluí-los textos nos que se explica a estrutura e a finalidade da parte correspondente.

Recoméndase o costume antigo de editar por separado os libros dos Evanxeos e os libros das demais lecturas do Antigo e do Novo Testamento.

Pero, se se considera conveniente, pódese editar por separado o Leccionario dominical —no que se poderá incluír unha selección do Santoral— e o Leccionario de diario. O dominical poderase dividir acertadamente segundo o ciclo dos tres anos, de xeito que cada ano estea todo seguido nun libro.

Se se atopa calquera outra distribución que pareza máis apta para o uso pastoral, hai liberdade para a poñer en práctica.

114. A carón das lecturas deben poñerse sempre os textos dos cantos; pero está permitido facer uns libros que conteñan só os cantos por separado. Recoméndase que o texto se imprima dividido en estrofas.

115. Sempre que a lectura conste de diversas partes, esta estrutura do texto deberase manifestar claramente na disposición tipográfica. Tamén se recomenda que os textos, incluso os non poéticos, se impriman en forma de verso, para facer máis doada a proclamación das lecturas.

116. Cando a mesma lectura presenta a forma longa e a forma breve, cómpre poñelas por separado, para que se poida ler con facilidade unha ou outra; pero, se esta separación non parece oportuna, deberase atopa-la maneira máis conveniente para que calquera dos dous textos se poida proclamar sen erro.

¹¹⁹ Cf. Consello para a posta en práctica da Constitución sobre a sagrada liturxia, Instrucción *De popularibus interpretationibus conficiendis*, 25 de xaneiro de 1969: *Notitiae* 5 (1969), pp. 3-12; *Declaratio circa interpretationes textuum liturgicorum «ad interim» paratas*: *Notitiae* 5 (1969), p. 69; Sagrada Congregación para o Culto divino, *Declaratio de interpretatione textuum liturgicorum*: *Notitiae* 5 (1969), pp. 333-334 (cf. tamén *Responsiones ad dubia*, en *Notitiae* 9 (1973), pp. 153-154); *De unica interpretatione textuum liturgicorum*: *Notitiae* 6 (1970), pp. 84-85; Sagrada Congregación para os Sacramentos e o Culto divino, *Epistula ad Praesides Conferentiarum Episcopaliū de linguis vulgaribus in S. Liturgian inducendis*: *Notitiae* 12 (1976), pp. 300-302.

¹²⁰ Cf. Sagrada Congregación para o Culto divino, Instrucción *Liturgicae instaurationes*, 5 de setembro de 1970, núm. 11: AAS 62 (1970), pp. 702-703; *Ordenamento xeral do Misal romano*, núm. 325.

117. Nas traducións ás linguas vernáculos, non se debe omitir o título que precede ó texto. Se parece oportuno, a este título pódese engadir unha monición que explique o sentido xeral do fragmento, con algún sinal axeitado ou con riscos tipográficos distintos, para que se vexa claramente que se trata dun texto discrecional.¹²¹

118. A cada volume engadiráselle oportunamente un índice bíblico dos fragmentos, ó xeito do que se atopa neste volume,¹²² para que se poidan atopar con facilidade nos leccionarios da Misa os textos necesarios ou útiles para determinadas ocasións.

2. Confección de cada lectura en particular

No Ordenamento das lecturas propónse para cada lectura a indicación do texto, o título e o *incipit*; sobre destas cousas cómpre advertir-lo seguinte:

a) INDICACIÓN DO TEXTO

119. A indicación do texto (isto é, do capítulo e dos versos) dáse sempre segundo a edición da Nova Vulgata, agás os salmos;¹²³ engádesse algunha vez unha segunda indicación referente ó texto orixinal (hebreo, arameo ou grego), sempre que existan diverxencias. Nas traducións en lingua vernácula, de acordo co que decreta a autoridade competente en cada lingua, pódese seguir a numeración que lle corresponda á versión aprobada pola mesma autoridade para o uso litúrxico. Cómpre, pois, que haxa sempre unha coidadosa indicación dos capítulos e versos; se parece oportuno, esta indicación poñeráse tamén dentro do mesmo texto ou na marxe do mesmo.

120. Séguese desta indicación que nos libros litúrxicos exista a «inscrición» do texto, que se debe ler na celebración, e que non se pon no Ordenamento das lecturas. Esta inscrición farase segundo as normas seguintes, normas que poden ser modificadas por decisión das autoridades competentes, de acordo cos costumes e conveniencias da cada lugar ou de cada lingua:

121. 1) Dirase sempre: **Lectura do libro...**, ou: **Lectura da carta...**, ou: **Lectura do santo Evanxeo...**, e non: **Comezo...** (agás que pareza oportuno nalgúns casos especiais), ou: **Continuación...**

122. 2) No referente ó *nome dos libros*, conservarase o uso tradicional, agás nos casos seguintes:

a) cando haxa dous libros do mesmo nome, dirase «primeiro libro», e «segundo libro» (por exemplo, dos Reis, dos Macabeos), ou ben «primeira carta», e «segunda carta»;

b) empregárase o nome que hoxe sexa máis común nos seguintes libros:

— «libros I e II de Samuel», no canto de libros I e II dos Reis;

— «libros I e II dos Reis», no canto de libros III e IV dos Reis;

— «libros I e II das Crónicas», no canto de libros I e II dos Paralipómenos;

— «libros de Esdras e de Nehemías», no canto de libros I e II de Esdras;

¹²¹ Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núms. 11, 29, 68a, 139.

¹²² Cf. *infra* no texto do Leccionario, pp. 323ss.

¹²³ A numeración dos Salmos corresponde á que se atopa no *Liber Psalmorum*, Pontificia Commissio pro Nova Vulgata, editado pola Editorial Vaticana no ano 1969.

c) cómpre distinguir entre si os libros sapienciais, cos seguintes nomes: Libro de Xob, dos Proverbios, do Eclesiastés ou de Qohelet, do Cantar dos Cantares, da Sabedoría, do Eclesiástico ou do Sirácida;

d) no referente ós libros que na Nova Vulgata figuran entre os profetas, dirase: **Lectura do libro de Isaías, de Xeremías, de Baruc, e: Lectura da profecía de Ezequiel, de Daniel, de Oseas...** de **Malaquías**, mesmo naqueles libros que algúns teñen como non verdadeiramente proféticos.

e) dirase «Lamentacións» e «carta ós Hebreos», sen mencionar a Xeremías nin a Paulo.

b) TÍTULO

123. Cada texto leva un título coidadosamente estudiado (formado case sempre con palabras do mesmo texto), no que se indica o tema principal da lectura e, cando é necesario, a relación entre as lecturas da Misa.

c) O «INCIPIIT»

124. O «incipit» contén as primeiras palabras introductorias de costume: **Naquel tempo...**, ou: **Naqueles días...**, ou: **Irmáns...**, ou: **Queridos irmáns...**, ou: **Así di o Señor...**; este «incipit» omítese cando no mesmo texto hai unha indicación suficiente de tempo ou de persoas, ou cando pola mesma natureza do texto estas palabras non serían oportunas. Nas traducións en lingua vernácula estas fórmulas poderanse cambiar ou omitir por decisión das autoridades competentes.

Despois destas palabras vén o *comezo da lectura* propiamente dito, quitando ou engadindo algunhas palabras segundo sexa necesario para entende-lo texto separado do seu contexto. No Ordenamento das lecturas danse as indicacións convenientes cando o texto consta de versíños discontinuos, no caso de que isto requira introducir algún cambio no texto.

d) ACLAMACIÓN FINAL

125. Ó final das lecturas, para facilita-la aclamación do pobo, débense poñe-las palabras que di o lector: **Palabra de Deus**, ou: **Palabra do Señor**, ou outras do mesmo estilo, segundo os costumes de cada lugar.

Táboa I

TÁBOA TEMPORAL DAS PRINCIPAIS CELEBRACIÓNS DO ANO LITÚRXICO

Ano	Mércores de Cinsa	Pascua	Ascensión	Pentecostés	Corpo e Sangue de Cristo	Semanas do tempo «per annum»			Domingo primeiro do Advento	
						antes da Coresma		despois do T. P.		
						ata o día	semana			dende o día
1996	21 feb.	7 abr.	16 mai.	26 mai.	6 xuñ.	20 feb.	7	27 mai.	8	1 dec.
1997	12 feb.	30 mar.	8 mai.	18 mai.	29 mai.	11 feb.	5	19 mai.	7	30 nov.
1998	25 feb.	12 abr.	21 mai.	31 mai.	11 xuñ.	24 feb.	7	1 xuñ.	9	29 nov.
1999	17 feb.	4 abr.	13 mai.	23 mai.	3 xuñ.	16 feb.	6	24 mai.	8	28 nov.
2000	8 mar.	23 abr.	1 xuñ.	11 xuñ.	22 xuñ.	7 mar.	9	12 xuñ.	10	3 dec.
2001	28 feb.	15 abr.	24 mai.	3 xuñ.	14 xuñ.	27 feb.	8	4 xuñ.	9	2 dec.
2002	13 feb.	31 mar.	9 mai.	19 mai.	30 mai.	12 feb.	5	20 mai.	7	1 dec.
2003	5 mar.	20 abr.	29 mai.	8 xuñ.	19 xuñ.	4 mar.	8	9 xuñ.	10	30 nov.
2004	25 feb.	11 abr.	20 mai.	30 mai.	10 xuñ.	24 feb.	7	31 mai.	9	28 nov.
2005	9 feb.	27 mar.	5 mai.	15 mai.	26 mai.	8 feb.	5	16 mai.	7	27 nov.
2006	1 mar.	16 abr.	25 mai.	4 xuñ.	15 xuñ.	28 feb.	8	5 xuñ.	9	3 dec.
2007	21 feb.	8 abr.	17 mai.	27 mai.	7 xuñ.	20 feb.	7	28 mai.	8	2 dec.
2008	6 feb.	23 mar.	1 mai.	11 mai.	22 mai.	5 feb.	4	12 mai.	6	30 nov.
2009	25 feb.	12 abr.	21 mai.	31 mai.	11 xuñ.	24 feb.	7	1 xuñ.	9	29 nov.
2010	17 feb.	4 abr.	13 mai.	23 mai.	3 xuñ.	16 feb.	6	24 mai.	8	28 nov.
2011	9 mar.	24 abr.	2 xuñ.	12 xuñ.	23 xuñ.	8 mar.	9	13 xuñ.	11	27 nov.
2012	22 feb.	8 abr.	17 mai.	27 mai.	7 xuñ.	21 feb.	7	28 mai.	8	2 dec.
2013	13 feb.	31 mar.	9 mai.	19 mai.	30 mai.	12 feb.	5	20 mai.	7	1 dec.
2014	5 mar.	20 abr.	29 mai.	8 xuñ.	19 xuñ.	4 mar.	8	9 xuñ.	10	30 nov.
2015	18 feb.	5 abr.	14 mai.	24 mai.	4 xuñ.	17 feb.	6	25 mai.	8	29 nov.
2016	10 feb.	27 mar.	5 mai.	15 mai.	26 mai.	9 feb.	5	16 mai.	7	27 nov.
2017	1 mar.	16 abr.	25 mai.	4 xuñ.	15 xuñ.	28 feb.	8	5 xuñ.	9	3 dec.
2018	14 feb.	1 abr.	10 mai.	20 mai.	31 mai.	13 feb.	6	21 mai.	7	2 dec.
2019	6 mar.	21 abr.	30 mai.	9 xuñ.	20 xuñ.	5 mar.	8	10 xuñ.	10	1 dec.

Táboa II

DISTRIBUCIÓN DA SEGUNDA LECTURA NOS DOMINGOS
DO TEMPO «PER ANNUM»

Domingos	Ano A	Ano B	Ano C
2	1 Corintios, 1—4	1 Corintios, 6—11	1 Corintios, 12—15
3	"	"	"
4	"	"	"
5	"	"	"
6	"	"	"
7	"	2 Corintios	"
8	"	"	"
9	Romanos	"	Gálatas
10	"	"	"
11	"	"	"
12	"	"	"
13	"	"	"
14	"	"	"
15	"	Efesios	Colosenses
16	"	"	"
17	"	"	"
18	"	"	"
19	"	"	Hebreos, 11—12
20	"	"	"
21	"	"	"
22	"	Santiago	"
23	"	"	Filemón
24	"	"	1 Timoteo
25	Filipenses	"	"
26	"	"	"
27	"	Hebreos, 2—10	2 Timoteo
28	"	"	"
29	1 Tesalonicenses	"	"
30	"	"	"
31	"	"	2 Tesalonicenses
32	"	"	"
33	"	"	"

Táboa III

DISTRIBUCIÓN DA PRIMEIRA LECTURA NAS FEIRAS
DO TEMPO «PER ANNUM»

Semanas	Ano I	Ano II
1	Hebreos	1 Samuel
2	"	"
3	"	2 Samuel
4	"	2 Samuel; 1 Reis, 1—16
5	Xénese, 1—11	1 Reis, 1—16
6	"	Santiago
7	Eclesiástico (Ben Sírah)	"
8	"	1 Pedro; Xudas
9	Tobías	2 Pedro; 2 Timoteo
10	2 Corintios	1 Reis, 17—22
11	"	1 Reis, 17—22; 2 Reis
12	Xénese, 12—50	2 Reis; Lamentacións
13	"	Amós
14	"	Oseas; Isaías
15	Éxodo	Isaías; Miqueas
16	"	Miqueas; Xeremías
17	Éxodo; Levítico	Xeremías
18	Números; Deuteronomio	Xeremías; Nahúm; Habacuc
19	Deuteronomio; Xosué	Ezequiel
20	Xuíces; Rut	"
21	1 Tesalonicenses	2 Tesalonicenses
22	1 Tesalonicenses	1 Corintios
	Colosenses	"
23	Colosenses; 1 Timoteo	"
24	1 Timoteo	"
25	Esdras; Axeo; Zacarías	Proverbios
		Eclesiastés (Cohélet)
26	Zacarías; Nehemías; Baruc	Xob
27	Xonás; Malaquías; Xoel	Gálatas
28	Romanos	Gálatas; Efesios
29	"	Efesios
30	"	"

SIGLAS BÍBLICAS

Abd	Abdías
Am	Amós
Ap	Apocalipse
Ax	Axeo
Bar	Baruc
Cant	Cantar dos Cantares
Col	Colosenses
1Cor	1ª Corintios
2Cor	2ª Corintios
1Cro	1º Crónicas
2Cro	2º Crónicas
Dn	Daniel
Dt	Deuteronomio
Ecl	Eclesiastés (tamén: Chl = Cohélet)
Eclo	Eclesiástico (tamén. Sir = Ben Sírah)
Ef	Efesios
Esd	Esdras
Est	Ester
Ex	Éxodo
Ez	Ezequiel
Feit	Feitos dos Apóstolos
Flm	Filemón
Flp	Filipenses
Gál	Gálatas
Hab	Habacuc
Heb	Hebreos
Is	Isaías
Lam	Lamentacións
Lc	Lucas
Lev	Levítico
1Mac	1º Macabeos
2Mac	2º Macabeos
Mal	Malaquías
Mc	Marcos
Miq	Miqueas
Mt	Mateo
Na	Nahúm
Neh	Nehemías
Núm	Números
Os	Oseas
1Pe	1ª Pedro
2Pe	2ª Pedro
Pr	Proverbios
1Re	1º Reis

2Re	2º Reis
Rm	Romanos
Rut	Rut
Sab	Sabedoría
Sal	Salmos
1Sam	1º Samuel
2Sam	2º Samuel
Sant	Santiago
Sof	Sofonías
1Tes	1ª Tesalonicenses
2Tes	2ª Tesalonicenses
1Tim	1ª Timoteo
2Tim	2ª Timoteo
Tit	Tito
Tob	Tobías
Xén	Xénese
Xer	Xeremías
Xl	Xoel
Xn	Xoán
1Xn	1ª Xoán
2Xn	2ª Xoán
3Xn	3ª Xoán
Xob	Xob
Xon	Xonás
Xos	Xosué
Xds	Xudas
Xdt	Xudit
Xuí	Xuíces
Zac	Zacarías.